

DOCUMENTACIÓN QUE SE DEBE CUMPRIMENTAR (ANEXOS) E ACHEGAR PARA A SOLICITUDE DE SUBVENCIONS.

▪ **ANEXO I – SOLICITUDE**

Solicitude de subvención, debidamente asinada polo representante legal da entidade, que deberá conter:

- Os datos da entidade solicitante.
O datos deben coincidir cos que constan na tarxeta -NIF- expedida pola Axencia Estatal de Administración Tributaria - AEAT-
- Os datos do/a representante legal da entidade.
- A denominación da actuación a subvencionar.
- A anualidade na que se vai executar a actuación subvencionable.
- O importe da subvención solicitada.
- A indicación de si se solicita anticipo con dispensa de garantía.

De solicitarse anticipo, con dispensa de garantía, deberá indicarse a porcentaxe e o importe do mesmo.

Soamente se poderá solicitar anticipo con dispensa de garantía, e ata un máximo do 80% (50% en caso de subvencions directas de carácter excepcional) da subvención solicitada, cando o importe da subvención solicitada sexa igual ou superior a 3.000,00€ e en circunstancias debidamente motivadas, para as que se acredite a imposibilidade ou notoria dificultade de realizar a actuación subvencionable doutro xeito.


- A declaración responsable do representante da entidade de que a mesma cumpre cos requisitos establecidos no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencions e no artigo 10 Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencions de Galicia para obter a condición de beneficiario/a.
- O desglose de financiamento da actuación obxecto da subvención, tendo en conta que os fondos propios da entidade deben financiar como mínimo o 5% do custo total da actuación.
- A indicación de si a entidade asumirá ou non o custo do imposto sobre o valor engadido (IVE) dos gastos da actuación a subvencionar, por ter ou non a posibilidade de compensalo ou recuperalo.
- A indicación de si a entidade ten, ou non, solicitadas (concedidas ou pendentes de resolución) outras subvencions ou axudas (públicas ou privadas) de contido económico para a mesma actuación subvencionable.

En caso afirmativo, deberán indicarse as entidades ás que se lle solicitaron as subvencions ou axudas, a cantidade solicitada, o estado da resolución das mesmas (pendente, denegada ou concedida) e o importe concedido.

Os datos deben corresponderse cos indicados no desglose de financiamento da actuación obxecto da subvención.

- A indicación de si a entidade ten, ou non, patrocinios, colaboracións ou achegas de contido non económico, publicas ou privadas, relacionados coa actuación subvencionable.

	IV7W66YDKKEY3XONCRNRA47TMA	Fecha y Hora	16/01/2024 11:36:45
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO (SECRETARIO XERAL)		
Firmado por	PABLO SEOANE CANCELO (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Firmado por	LORETO RODRÍGUEZ COSTAS (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W66YDKKEY3XONCRNRA47TMA	Página	1/4



De ser o caso, deberá indicarse a entidade e o concepto da achega non económica que percibirá.

- A autorización do representante da entidade para que, de ser preciso, a Deputación de Lugo solicite os certificados que acrediten que a entidade está ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes á Axencia Estatal da Administración Tributaria, á Axencia Tributaria de Galicia, á Tesouraría Xeral da Seguridade Social e ao Servizo de Recadación Provincial.

▪ **ANEXO II – CERTIFICADO DO/A SECRETARIO/A DA ENTIDADE**

Certificado do/a secretario/a da entidade, co visto e prace do/a presidente, debidamente asinado, no que deberá constar os seguintes datos:

- Datos do/a secretario/a da entidade.
- Datos da entidade solicitante.

O datos deben coincidir cos que constan na tarxeta -NIF- expedida pola Axencia Estatal de Administración Tributaria - AEAT-

- Datos do/a representante da entidade.
- Datos sobre o acordo de nomeamento do representante legal, (no caso de non ser xa o representante legal).
- Indicación de que os estatutos presentados pola entidade están vixentes.

▪ **ANEXO III - SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN PARA A SUBCONTRATACIÓN, TOTAL OU PARCIAL, CON TERCEIROS**

- Autorización para subcontratar con persoas ou entidades vinculadas coa entidade beneficiaria e/ou,

- Autorización para subcontratar con terceiros (cando a actividade concertada con terceiros exceda do 20% do importe da subvención e dito importe sexa superior a 60.000,00 €).

Dita solicitude deberá conter:

- Os datos do/a representante da entidade.
- Os datos da entidade solicitante.

O datos deben coincidir cos que constan na tarxeta -NIF- expedida pola Axencia Estatal de Administración Tributaria - AEAT-

- A denominación da actuación subvencionable.
- O nome ou razón social e o NIF da entidade coa que se pretende subcontratar así como a actividade a subcontratar e o seu importe e no seu caso tipo de vinculación coa entidade beneficiaria

▪ **DOCUMENTACIÓN PRECEPTIVA A APORTAR XUNTO COS ANEXOS.**

- **Copia do NIF da entidade.**
- **Copia do DNI do/a representante da entidade.**
- **Copia do DNI do/a secretario/a da entidade.**
- **Copia dos estatutos da entidade,** inscritos no rexistro de asociacións correspondente.

	IV7W66YDKKEY3XONCRNRA47TMA	Fecha y Hora	16/01/2024 11:36:45
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO (SECRETARIO XERAL)		
Firmado por	PABLO SEOANE CANELO (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Firmado por	LORETO RODRÍGUEZ COSTAS (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W66YDKKEY3XONCRNRA47TMA	Página	2/4



- **No caso de solicitarse subvencions de importe superior a 3.000,00 €** (salvo que na instancia de solicitude se autorice á Deputación a solicitalos) deberán achegarse os certificados de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social expedidos pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, á Axencia Tributaria de Galicia, á Tesouraría Xeral da Seguridade Social e o Servizo de Recadación Provincial.

- **Proxecto-memoria descriptiva da actuación a subvencionar**, debidamente asinado polo/a representante da entidade.

No Proxecto-memoria descriptivo da actuación a desenvolver, cando se trate de subvencions directas de carácter excepcional, debe constar expresamente a singularidade e excepcionalidade da actuación a subvencionar, así como a dificultade de acudir a outros medios de financiamento.

- **Orzamento de ingresos e gastos da actividade**, cadrado e debidamente asinado polo/a representante da entidade.

En ningún caso os ingresos poden superar os gastos.

Deberá ter en conta que, polo menos, o 5% do proxecto subvencionado, deberá ser financiado pola propia entidade beneficiaria. Debe de coincidir co indicado no Anexo I.

- **No caso de que a actuación a subvencionar sexa unha obra**: achegarse o compromiso da obtención de licenzas e autorizacións preceptivas aos efectos do cumprimento da legalidade urbanística e o respecto e protección do patrimonio histórico - artístico e do medio ambiente. (ANEXO IV).

- **No caso de que a actuación a subvencionar sexa unha obra**: achegarse un proxecto ou unha memoria valorada por un técnico.

- **No suposto que a actuación subvencionada sexa a adquisición de bens inmoables**: deberá remitirse certificado do tasador independente debidamente acreditado e inscrito no correspondente Rexistro Oficial.

- **Se a actuación subvencionada consiste na adquisición, construción, rehabilitación e mellora de bens inventariables** (tanto para obras como para o resto de investimentos), debe acreditarse a propiedade e/ou os dereitos de uso idóneos sobre os citados bens.

- **Para subvencions de importe superior a 30.000 euros, as persoas físicas e xurídicas, distintas das entidades de dereito público, con ánimo de lucro** suxeitas á Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, deberán acreditar cumprir os prazos de pago que se establecen na citada Lei para obter a condición de beneficiario/a.

A acreditación do nivel de cumprimento establecido se realizará polos seguintes medios de proba:

a) A persoas físicas e xurídicas que, de acordo coa normativa contable poden presentar conta de perdas e ganancias abreviada, mediante certificación suscrita pola persoa física ou, no caso de persoas xurídicas, polo órgano de administración ou equivalente, con poder de representación suficiente, na que afirmen acadar o nivel de cumprimento dos prazos de pago previstos na citada Lei 3/2004, de 29 de decembro. Poderán tamén acreditar dita circunstancia por algún dos medios de proba previstos na letra b) seguinte e con suxeición a súa regulación

b) A persoas xurídicas que, de acordo coa normativa contable non poden presentar conta de perdas e ganancias abreviada, mediante:

1.º Certificación emitida por auditor inscrito no Rexistro Oficial de Auditores de Contas que conteña unha transcripción desagregada da información en materia de pagos descrita na memoria das últimas contas anuais auditadas, cando de elas se desprenda que se acada o nivel de cumprimento dos prazos de pago establecidos na Lei 3/2004, de 29 de decembro, determinado neste apartado, en base á información requirida pola disposición adicional terceira da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro.

	IV7W66YDKKEY3XONCRNRA47TMA	Fecha y Hora	16/01/2024 11:36:45
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO (SECRETARIO XERAL)		
Firmado por	PABLO SEOANE CANCELO (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Firmado por	LORETO RODRÍGUEZ COSTAS (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W66YDKKEY3XONCRNRA47TMA	Página	3/4



Esta certificación será válida ata que resulten auditadas as contas anuais do exercicio seguinte.

2.º No caso de que non sexa posible emitir o certificado ao se refire o número anterior, «Informe de Procedementos Acordados», elaborado por un auditor inscrito no Rexistro Oficial de Auditores de Contas, que, en base á revisión dunha mostra representativa das facturas pendentes de pago a provedores da sociedade a unha data de referencia, conclúa sen a detección de decepcións ao cumprimento dos prazos de pago da Lei 3/2004, de 29 de decembro, ou no caso de que se detectasen, estas non impidan acadar o nivel de cumprimento requirido no último paragrafo deste apartado.

Aos efectos de esta Lei, se entenderá cumprido o requisito exixido neste apartado cando o nivel de cumprimento dos prazos de pago previstos na Lei 3/2004, de 29 de decembro, sexa igual ou superior ao porcentaxe previsto na disposición final sexta, letra d), apartado segundo, da Ley 18/2022, de 28 de setembro, de creación e crecemento de empresas.

Asinado dixitalmente da data que consta no pé de páxina.

	IV7W66YDKKEY3XONCRNRA47TMA	Fecha y Hora	16/01/2024 11:36:45
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO (SECRETARIO XERAL)		
Firmado por	PABLO SEOANE CANCELO (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Firmado por	LORETO RODRÍGUEZ COSTAS (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W66YDKKEY3XONCRNRA47TMA	Página	4/4

